

TEMA 8. O MEDIO FÍSICO E OS BIOCLIMAS DE ESPAÑA E GALICIA

(páx. 162 – 181)

O RELEVO E AS AUGAS DE ESPAÑA E GALICIA

1. Cales son os límites xeográficos da península ibérica? Cal é a súa altitude media?

2. Elabora un esquema no que resumas os grandes conxuntos do relevo da península (onde se localizan e exemplos).

3. No mapa da páx. 165 busca os 3 picos máis altos e sinala o nome da da cordilleira ou illa na que se atopan. Indica tamén as algunhas das zonas de menor altitude da península.



4. Sinala as principais diferenzas entre o océano Atlántico e o Mar Mediterráneo.

5. Elabora un esquema no que resumas as características dos ríos das distintas vertentes da península (cantábrica, atlántica e mediterránea) e engade algún exemplo.

6. Procura a seguinte información sobre algún dos principais ríos de Galicia (Miño, Sil, Tambre, Ulla, etc.): lugar de nacemento, os seus principais afluentes, os principais lugares do seu percorrido e o lugar da desembocadura. Podes engadir tamén algún dato de interese.

7. Elabora un esquema coas forma de relevo de Galicia (serras, chairas, fosas, vales e illas) no que expliques o que son e poñas exemplos (páx. 168, punto 3.2).

8. Sinala 5 exemplos de ríos galegos da vertente cantábrica e 5 da atlántica.

CLIMAS, VEXETACIÓN E PAISAXES DE ESPAÑA E GALICIA

9. Como é a temperatura en España?

Que factores climáticos a determinan?

E nas precipitacións?

10. Que tipos de climas existen en España e onde se localizan?

11. Sinala as catro variantes de clima oceánico que se dan en Galicia e onde se localizan.




12. Resume o apartado 6.3 (páx. 177) indicando as principais especies vexetais que existen en Galicia.

O CLIMOGRAMA: ELABORACIÓN E COMENTARIO

A partir da información da páx. 179 do libro, responde ás seguintes cuestións:

13. Que é e para que se emprega un climograma?

14. Seguindo os pasos que veñen no libro, elabora un climograma a partir dos seguintes datos da cidade de Santiago:



	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuñ.	Xul.	Ago.	Set.	Out.	Nov.	Dec.	Med/tot
Temp (°C)	8,7	9,1	10,9	12	14,1	16,9	18,7	20,3	17,6	14,6	11,2	9,1	13,6
Precip. (mm)	152	135	149	99	90	57	36	44	78	127	167	191	1.325

15. Seguindo os pasos do libro, realiza o comentario do climograma que fixeches cos datos da cidade de Santiago (temperaturas, precipitacións, clima, indicacións prácticas...).